

# O AMANTE DOBRE

# 281

[François Ozon, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2017 | V.O.S.E. | +16

## FICHA TÉCNICA

L'amant double (2017, 107')

**Dirección:** François Ozon

**Guión:** François Ozon, Philippe Piazzo (Novela: Joyce Carol Oates)

**Elenco:** Marine Vacth, Jérémie Renier, Jacqueline Bisset,

Myriam Boyer, Dominique Reymond, Fanny Sage,

Jean-Édouard Bodziak, Antoine de La Morinerie

**Son:** Brigitte Taillandier

**Montaxe:** Laure Gardette

**Fotografía:** Manuel Dacosse

**Vestuario:** Pascaline Chavanne

**Dirección de arte:** Lilith Bekmezian

**Música:** Philippe Rombi

**Produtoras:** Mandarin Films, FOZ, Mars Films, Films Distribution,

France 2 Cinéma, Canal+, Ciné+, France Télévisions, A Plus Image

7 (Francia), Scope Pictures (Bélxica)

**Distribuidora:** Golem Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial)

## FILMOGRAFÍA

### SELECCIONADA

*Frantz*, 2016

*Joven y bonita*, 2013

*En la casa*, 2012

*Potiche, mujeres al poder*, 2010

*Mi refugio (Le refuge)*, 2009

*Swimming Pool (La piscina)*, 2003

*8 mujeres*, 2002

## SINOPSE

Chloé é unha moza fráxil que se namora do seu psicoterapeuta, Paul. Uns meses máis tarde, cando van vivir xuntos, ela descobre que o seu amante lle ocultou unha parte da súa identidade, coa que Chloé se obsesionará.

«Un thriller erótico e elegante, con ecos de Brian de Palma, David Cronenberg ou Alfred Hitchcock»

Alicia de Francisco, EFE



## «Quixen transcribir cinematograficamente a experiencia dunha sesión de psicanálise»

### Entrevista con François Ozon

#### Joyce Carol Oates.

Admiro a Joyce Carol Oates desde hai tempo pola súa escrita precisa, a súa sutileza psicolóxica, a ambigüidade dos seus personaxes e a intelixencia dos seus relatos. E sempre me seduciou o feito de que sexa grafómana. Cando me enterei de que escribía novelas policíacas baixo o pseudónimo de Rosamond Smith, intereseime por estes escritos supostamente menores, convencido de que a súa imaxinación desbordante sería propicia para o cinema. E así é como descubrín *Vidas gemelas*.

Mantiven o punto de partida do libro: unha muller descobre que o seu psicoterapeuta, que agora é o seu amante, ten un irmán, tamén terapeuta. Joyce Carol Oates conta a historia con maior realismo, mentres que eu a convertín en algo máis mental, inscrito nunha realidade máis francesa. Porén, o filme contén algúns dos temas predilectos da escritora estadounidense como a neurose, o sexo ou os xemelgos.

#### A psicanálise

Levaba tempo querendo transcribir cinematograficamente a experiencia dunha sesión de psicanálise. Ao principio

só está o monólogo de Chloé diante do seu psicanalista; fala dos seus sonhos, do que sente, dos seus sentimentos, da súa familia... O espectador vese mergullado na súa intimidade e isto pode provocar certa angustia: «Vai seguir así durante hora e media?»

Tampouco quería quedarme no dispositivo analítico co seu decorado único, o seu carácter estático e os seus lugares definidos, desexaba capturar algo máis vivo para que o espectador seguise a psicoterapia, como un psicanalista escoita aos seus pacientes, dun modo flotante. Na posta en escena destas primeiras secuencias, os efectos visuais e os cambios do punto de vista van en contra da palabra. Mais se se escoita con atención ou se volve ver o filme, un decátase de que todo queda dito nos primeiros dez minutos, aínda que quizais non se escoite.

#### A dobre vida

O personaxe de Louis pode percibirse como un avatar que permite a Chloé vivir os desexos e fantasías que non se atreve a propoñer a Paul. Como se o amor que sente por Paul lle impedisese satisfacer unha sexualidade máis violenta ou desenvolvida. Nos meus filmes falo a miúdo da necesidade do imaxinario para soste a realidade. En calquera relación de parella, por moi feliz que sexa, sempre hai unha parte de frustración e a necesidade dun espazo mental onde expresar as fantasías. O outro nunca poderá satisfacer completamente os nosos desexos. Ás veces precisamos algo máis, algo diferente.

#### Un thriller mental

A subxectividade na que nos sumen os primeiros minutos contamina o resto da historia. A miña idea era seguir a Chloé de forma lineal dentro dunha tensión narrativa, xogando cunha forma de suspense, mais manténdoa nunha realidade vacilante, con intrínsecos nos que a súa mente fluctuase cara á fantasía. Iso permitíame saír do rexistro da realidade pura e dura, e flirtear constantemente co que imaxina o personaxe. Tamén me gustaba a idea de que o perigo e a ameaza exterior que a atenazan fosen producidos por algo interior.

#### A posta en escena

Logo dun filme como *Frantz* (2016), contido e clásico, fundirme na imaxinación de Chloé permitíame adoptar moitas máis audacias formais. *O amante dobre* conta unha historia esencialmente mental, polo que se me ocorreu construír unha posta en escena estrutural, xogar coa simetría, os reflexos, a xeometría. Todos os decorados foron pensados co obxectivo de dar a impresión de que algo se ía construíndo, como unha mente elaborando un pensamento.

Rodei os meus últimos filmes en 35 mm, pero para este apetecíame volver ao dixital, ao scope, e experimentar cunha imaxe máis contemporánea, máis nidia, mesmo diría que cirúrxica nalgúns momentos, sen deixar de ser moi estética.

Publicada en [www.golem.es/distribucion](http://www.golem.es/distribucion)  
Traducida por Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

*El señor de las muñecas y otros cuentos de terror*, Joyce Carol Oates. Alba Editorial, 2017

*Infel*, Joyce Carol Oates. Punto de lectura, 2015

*Mágico, sombrío, impenetrable*, Joyce Carol Oates. Alfaguara, 2015

*Puro fuego*, Joyce Carol Oates. Punto de lectura, 2015

*Violación: una historia de amor*, Joyce Carol Oates. Papel de liar, 2011

*En la casa*, François Ozon. Cameo [DVD]

*Frantz*, François Ozon. Golem [DVD]

*Joven y bonita*, François Ozon. Cameo [DVD]

*Una nueva amiga*, François Ozon. Ozon [DVD]

# NUMAX

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.  
Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX